

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de xullo de 2019**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 11.30 horas do día 19 de xullo de 2019, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Pablo Pérez Pérez

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Gerardo Seoane Fidalgo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

Deputado de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

Unha vez constatada a existencia de quórum suficiente, declárase constituída a comisión.

**2º.- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN
INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL NO
DEPUTADO PROVINCIAL DON PABLO PÉREZ PÉREZ**

O Sr. presidente dá conta da súa proposta.

Non se producen intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (5) e de Democracia Ourensana (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), a comisión acorda:

- Proponerlle á Presidencia a delegación do exercicio das funcións de presidencia da Comisión Informativa de Cooperación Infraestruturas e Medio Rural a favor do deputado provincial don Pablo Pérez Pérez.

E, ás 11.32 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe..